

Unha homenaxe doutro tempo

[10/07/2006 15:59] por Isaac Lourido

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ


Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librarías

Amor en feminino

Maximino Cacheiro Varela (ed)

Baía Edicións, A Coruña, 2006. 123 páxs., 10 €

Amor en feminino leva por subtítulo *Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía á Xeración dos 80*, co cal as coordenadas xenéricas (en ambos sentidos), temáticas e temporais que vertebran a escolma fican declaradas desde o primeiro momento neses termos, e practicamente só neses termos. Un exíguo limiar de pretensións líricas asinado polo antólogo precede á selección dos textos, e transmite o que foi a súa intención: "render unha homenaxe a estas escritoras", e facelo a través da expresión do que el considera o "recanto máis íntimo do seu ser", o amor (un amor xenuino e autóctono, "no que orballa a tenrura feminina galega"). Dos criterios de selección ou da oportunidade da publicación, elementos que adoitan ser empregados para a xustificación da aparición dunha antoloxía, nada se nos di.



No libro compílanse poemas de Rosalía de Castro, Pura Vázquez, Luz Pozo, María do Carme Kruckenberg, María Xosé Queizán, Helena Villar Janeiro, Ánxeles Penas, Marica Campo, Ana Romaní, Marta Dacosta e Pilar Pallarés. O número de poemas é variábel, desde os tres (nunha serie) que se ofrecen de Rosalía até os catorce de Pilar Pallarés. Para alén das quinielas persoais de cadaquén sobre os nomes que non están e poderían ou deberían estalo, o criterio temporal / xeracional que o autor declara no subtítulo renxe en certa medida. Aínda que a etiqueta Xeración dos 80 é aceptada normalmente na historiografía literaria galega, resulta problemático incluír nese grupo a Ana Romaní e a Marta Dacosta. Ademais da distancia coas constantes temáticas e estilísticas que, dentro de certa heteroxeneidade, a crítica teimou en ditar para caracterizar á poesía escrita na década de 80, as dúas escritoras citadas anteriormente desenvolveron case toda a súa traxectoria literaria xa na década seguinte. Igualmente resulta produtivo cuestionarse por que o límite se fixa nesas datas e tentar relacionalo coa poesía que se xestou nos últimos anos do século XX, cun bo número de propostas que porían en xaque esa concepción idealizada do "amor feminino" que o libro amosa.

Cando se afirma no limiar, en ton poético, a vontade de homenaxear a esas mulleres galegas que expresaron "as súas vivencias amorosas" através da poesía, non se está a confundir e a identificar á persoa con aquilo que algún día se chamou "voz lírica" ou "suxeito poético"? E isto por que? En boa medida, a antoloxía tende a establecer unha continuidade que vai alén dos criterios xeográfico, temático e xenérico(s), ao reproducir un modelo estreito de amor que case sempre aparece como ensoñación, como espera (resignada ou suplicante) polo amante ou ben como dor e queixa do amor que se perdeu. Xustamente uns valores que o patriarcado ten adxudicados para a muller, e dos que na antoloxía só as escollas da obra de Queizán se distancian en medido contrapunto, debido, por exemplo, á introdución non disimulada da homosexualidade. Á vista da nómina de poetas do libro, resulta obvio que propostas como a de Romaní ou Dacosta reman tamén contra a corrente mais, coa selección textual concreta feita para elas, o macrotexto que o texto antolóxico supón redimensiona todas e cada unha das pezas que forman parte do mesmo, renovando a súa significatividade nunha determinada orientación.

Aínda se podería ir un paso máis atrás, e pensar na pertinencia do criterio temático escollido. Sería posíbel trazar unha xenealoxía da poesía de combate escrita por mulleres na Galiza? Ou antologar a poesía que fala sobre a cidade? Ou a que ten como tema a liberación sexual? Ou o "amor masculino"? Sería posíbel mais até o de agora non o foi. Maximino Cacheiro ten declarado que "a muller ten un mecanismo de simbolización máis exacto" (Galicia-Hoxe, 27-9-06), feito que pretende situar a súa obra na esfera de certa reivindicación feminista mais que cae nos códigos e nos clichés que se teñen imposto á muller escritora: a súa especial capacidade para o lirismo e a redución temática á esfera da intimidade, por citar os máis comúns. As ausentes, en nome do criterio temporal, terían moito a dicir sobre isto: Olga Novo, María do Cebreiro, Chus Pato, Emma Couceiro ou Lupe Gómez son nomes que se poden citar para o caso. Igualmente, outras escollas de Romaní, Pallarés ou a mesma Rosalía quebrarían a continuidade que a antoloxía constrúe.

Amor en feminino serve para explorar boa parte das cuestións que teñen

xurdido no campo literario galego arredor da literatura escrita por mulleres. Á vista do limiar e da entrevista aludida, Cacheiro pretende demostrar a existencia dunha escrita "diferente", en contraposición á que fan os homes. Con todo, como xa se dixo, esa escrita sitúase nunhas marxes estreitas que dificilmente alguén reclamaría como propia en Galiza en 2006. Tentar normalizar e visibilizar a poesía feita por mulleres con este tipo de "homenaxes" / concesións, non contribúe a prolongar un imaxinario e unha ideoloxía do "feminino" impostos ás mulleres e nunca xestionados por elas? E non vai na dirección de neutralizar esa outra xenealoxía de pensamento forte feminista que tamén se pode trazar?

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Hai 1 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)

© Vieiros